

CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS DE NADAL

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola convoca o *Concurso Infantil de Postais de Nadal*, de acordo coas seguintes bases:

Primeira: Poden participar todos aqueles nen@s con carné da Rede de Bibliotecas de Galicia, e se establecen catro categorías:

A) De 0 a 5 anos B) De 6 a 8 anos / C) De 9 a 11 anos / D) De 12 a 14 anos

Segunda: O traballo a presentar será unha postal de Nadal coas seguintes características:

- Tamaño da postal será tamaño cuartilla (15 x 21 cm)
- Poderase realizar en calquera técnica plástica

Terceira: Os traballos presentaranse na biblioteca, na entrada, en horario de luns a venres de 9:00 a 20:45, e os sábados de 10:00 a 13:45, ou por correo postal (R/ Alfonso XIII, 3. 36002 Pontevedra). Se entregarán en sobre cerrado. No sobre non pode figurar a identificación do creador.

Cuarta: Xunto á postal presentada, se entregará un sobre pequeno cerrado.

No seu interior incluíranse:

- A solicitude cos datos do participante. (Ver anexo 1)
- Autorización do pai / nai ou titor para a participación no concurso e a cesión do traballo á biblioteca (Ver anexo 2)

*As solicitudes e as autorizacións pódense recoller na entrada da biblioteca (Información) ou descargalas pola web da biblioteca (<https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra>)

Quinta: O prazo de presentación será do 16 de novembro ao 15 de decembro.

Sexta: O xurado estará formado por un profesional do mundo da ilustración, a directora da biblioteca e un técnico da mesma, que seleccionarán un traballo por cada categoría.

Sétima: O faio do xurado farase público o día 19 de decembro nos taboleiros de anuncios da biblioteca, na web da mesma, así como nas nosas redes sociais.

Os premios serán entregados na sala infantil da Biblioteca o día 20 de decembro, as 18:30 horas.

Oitava: Os traballos presentados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública.

Unha selección dos mesmos estarán expostos durante o Nadal na biblioteca.

A biblioteca felicitará o Nadal cun dos catro traballos premiados.

Novena: Premios: Un pack creativo para cada un dos gañadores.

Décima: A presentación dos traballos a este concurso supoñen a aceptación das presentes bases. Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado

Décima primeira: Para calquera dúbida que xurda na interpretación das bases pódese contactar coa biblioteca no correo: biblio.publica.pontevedra@xunta.gal ou nos teléfonos 886159250 / 886159245.